



REAL ACADEMIA GALEGA DE  
XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN

## Así o destacou na RAGXEL o académico Luis Rodríguez Ennes na súa conferencia “Algunhas peculiaridades do sistema histórico-constitucional de Inglaterra”

### **“O MANTEMENTO INALTERABLE DAS INSTITUCIÓNS FUNDAMENTAIS DE INGLATERRA TEÑEN MOITO QUE VER CON MANTER O SEU TERRITORIO LIBRE DE INVASIÓNS FORÁNEAS DURANTE UN MILENIO”**

**A Coruña, 7 de novembro de 2022.-** Un detallado paseo pola historia de Inglaterra. Esa foi a proposta feita polo académico de número da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, Luís Rodríguez Ennes ao público asistente á súa conferencia “Algunhas peculiaridades do sistema histórico-constitucional de Inglaterra”.

Luis Rodríguez Ennes –medalla 36 da institución- destacou a limitación xeográfica de “Inglaterra”, lembrando que aínda que o actual Reino Unido está composto por Inglaterra, Escocia, Gales e Irlanda do Norte desde 1707 é Inglaterra a que xestou, moi maioritariamente, as institucións xurídico-constitucionais que singularizan a Reino Unido fronte ao resto dos estados occidentais.

Para o conferenciante, catedrático de Dereito Romano, a auténtica clave de bóveda do peculiar desenvolvemento histórico de Inglaterra “é que representa un totum continuum desde a invasión normanda en 1066 ata os nosos días; non houbo interrupcións importantes desde esa data ata a actualidade”. Rodríguez Ennes lembrou que “se sucederon 41 reis co só intervalo da Commonwealth de Oliver Cromwell e, aínda nese caso, durante os nove anos da ditadura cromwelliana existiu un rei de Inglaterra no exilio francés, Carlos II, fillo do decapitado Carlos I, que regresou á illa tras a morte do Lord Protector”. A diferenza dos outros países da Europa Occidental, destacou o experto, “Inglaterra mantivo libre o seu territorio de invasións foráneas durante un milenio o que, sen dúbida, contribuíu ao mantemento inalterable ata os nosos días das súas institucións fundamentais: CommonLaw, Parlamento, Coroa, por aplicación do sabio principio de que *o que funciona ben, non hai que cambialo*”.

O público asistente puido percorrer, da man de Ennes, a historia de Inglaterra partindo da Britania Romana e seguindo polo Período anglosaxón, a dinastía Plantagenet, a Idade Moderna, isto é, os Tudor e a ruptura co papado, ata a crise parlamentaria e o periodo Cromwell. Tamén se detivo no “Act of Settlement” e o tempo da casa de Hannover ata a Monarquía Constitucional Británica e o Parlamento que coñecemos nos nosos días.

Esta charla forma parte do ciclo de conferencias organizado pola Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación en colaboración do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, o Ilustre Colexio Oficial Provincial de Avogados da Coruña e ABANCA. Nesta ocasión foi o vicepresidente da institución, Francisco Ordoñez Armán o encargado de presentar o acto.